



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR)**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar coa da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura, en adiante, CONXEMAR o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 20 de setembro ata o 30 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer ás bases de colaboración entre CONXEMAR para a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros, dentro de:

- a) XIX edición da Feira CONXEMAR 2017, que se celebrará en Vigo do 3 ao 5 de outubro de 2017.
- b) “International Congress on Climate Change and Fisheries (CONXEMAR-FAO) o 2 de outubro de 2017.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son ás seguintes:

- Loxística da Feira.
- Colocación da publicidade dos produtos do mar na feira.
- Degustación de produtos do mar no Congreso.
- Servizo de catering do Congreso.
- Servizos de aloxamento de ponentes no Congreso.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: “7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos”.





A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Son fins de CONXEMAR o fomento e a defensa do sistema de libre mercado, a mellora da competitividade, a defensa dos intereses do sector e a promoción de toda clase de campañas de fomento do consumo de produtos conxelados e, en particular, dos derivados da pesca.

Que CONXEMAR organizará a XIX Feira CONXEMAR 2017, que se celebrará en Vigo, do 3 ao 5 de outubro de 2017, cuxo obxectivo é mellorar a comercialización dos produtos conxelados do mar a través dun punto de encontro de relevancia internacional de todos os axentes da cadea de subministracións do mar.

A feira CONXEMAR 2017 é un evento de interese que constitúe unha oportunidade inmejorable para a promoción dos produtos da pesca e da acuicultura.

Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) organiza o “International Congress on Climate Change and Fisheries (CONXEMAR-FAO) o 2 de outubro de 2017.

No Congreso Mundial, que versará sobre o Cambio Climático e os seus efectos na pesca marítima, a acuicultura e o comercio, expertos de primeiro nivel mundial da OCDE, Banco Mundial, Comisión europea e a FAO, así como directivos de empresas internacionais e autoridades pesqueiras dos principais países produtores do mundo analizarán como está impactando o cambio climático sobre as especies de maior interese comercial e que medidas poden adoptarse para mitigar os seus efectos. Estes temas serán amplamente analizados y debatidos durante este Congreso.

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización de accións que redunden nunha mellora do sector dos produtos da pesca e a acuicultura e as industrias relacionadas, en materias tales como a comercialización, a promoción e o fomento do consumo de produtos pesqueiros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago a

